



O que se fai público para xeral coñecemento e efectos procedentes, significándose que contra a aprobación definitiva do orzamento, a tenor do establecido no artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se poderá interpor directamente recurso contencioso administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso administrativo.

En Marín a 24 de outubro de 2013.—Firmado, María Ramallo Vázquez.

**2013009499**

## A N U N C I O

Non producíndose reclamacións á modificación da Ordenanza Xeral da Protección Medio Ambiental do Concello de Marín é considerándose aprobada definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

### **REGULAMENTO DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE MARIN**

#### P R E A M B U L O

#### *CAPÍTULO I*

#### *Disposicións xerais*

#### *ARTIGO 1.—OBXECTO E ÁMBITO.*

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación e ordenación do exercicio da venda ambulante no termo municipal de Marín, nos espazos ou localizacións e modalidades referidas na mesma, así como o réxime sancionador aplicable ao respecto

#### *ARTIGO 2.—MARCO NORMATIVO.*

O presente regulamento dítase ao amparo do disposto no artigo 25.2.g) e 84 da lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, 1.2 do decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; na lei 1/1996, de 5 marzo, de regulación das actividades ferias de Galicia, lei 1/2010, de 1 de marzo, de reforma da lei 7/1996, de ordenación do comercio detallista, lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, no real decreto 199/2010, de 26 de febreiro, polo que se regula o exercizo da venda ambulante ou non sedentaria e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto, e demais normativa que lle sexa de aplicación.

#### *ARTIGO 3.—COMPETENCIA.*

Correspóndelle ó Concello de Marín dentro do seu temo municipal, sen prexuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o uso do espazo público no seu territorio de ordenación, así como a execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio dos mercados, nos que se desenvolven actividades de venda ambulante, o cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas, e facer cumprir esta ordenanza.

#### *ARTIGO 4.—VENDA AMBULANTE. DEFINICIÓN.*

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados do termo municipal, en instalacións desmontables ou transportables, incluídos os camións tenda.

A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexas a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

*ARTIGO 5.—MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE.*

1.—A venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:

Venda ambulante en mercados periódicos: e aquela autorizada nos mercados situados en poboacións en lugares e espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste puntos están encadradas entre outras, as realizadas en feiras, mercados e chambos.

Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

2.—Segundo o artigo 2.4 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, non terá a consideración de venda ambulante:

- a) Actividades comerciais reguladas pola Lei /1996 do 5 de marzo, de actividades feirais de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.
- b) Venda directa exercida polos agricultores no seu termo municipal ou nos termos limítrofes, limitadas á súa propia produción.
- c) Venda de obxectos artesáns realizados polos propios produtores, con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares.

Non obstante, os agricultores e artesáns en xeral están suxeitos ao deber de obter licenza municipal ao tratarse o exercicio autorizado dun uso común especial da vía pública, dos establecidos no artg. 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

- d) Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.
- e) Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas para o efecto.
- f) O comercio esporádico en recintos ou espazos reservados con ocasión de espectáculos públicos, deportivos, musicais ou análogos, e referida a produtos directamente relacionados co evento en cuestión, suxeitos evidentemente á debida autorización municipal.

*ARTIGO 6.—DAS OBRIGAS NA VENDA.*

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade con toda a normativa vixente na materia do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán ante a administración competente en cada caso, de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

*ARTIGO 7.— CAUSAS DE ALTERACIÓN DA CELEBRACIÓN DOS MERCADOS.*

O Concello, por causa de interés xeral, e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións desta Ordenanza dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión, sin que elo de lugar a indemnización algunha.

Por acordo previo e motivado de alteración dos lugares de venda ou do día da celebración do mercadillo, polas causas anteriormente citadas, adoptarase pola Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, a Alcaldía, mediante resolución motivada, poderá alterar de forma provisional os lugares de venda e o día de celebración do mercadillo, por razóns de interese público, sen que isto dé lugar a indemnización algunha.

Con carácter xeral o mercadillo celebrarase os xoves de cada semana, anticipándose a súa celebración o día anterior cando o xoves fora festivo ou o seu precedente si ese día tamén fose festivo.

## CAPÍTULO II

### *Da venda en mercados.*

#### ARTIGO 8.—LOCALIZACIÓN E NÚMERO DE POSTOS.

Lugares: Serafín Tubio, Calzada, Augusto Miranda e prolongación de Secundino Lorenzo, Riveira, e praza da Veiguiña.

O número de postos: ata 200

Lugar :Banda do Río (próxima a rúa do Forte).

Número de postos: según o espacio disponible.

Venda de produtos da horta (non flores) en furgonetas, vehiculos tenda ( non camiós).

*Banda do Río (Lameira do nº 1-7) según o espacio disponible*

Venda de flores e palmas nas datas de defuntos e festividade de Ramos

*Lugar :No entorno da Alameda*

Venda de castañas asadas durante o outono

De xeito extraordinario naqueles lugares que o Concello autorice

Bocaterías, pulperías, churrerías e cervexerías

Nos cemiterios

A venda de flores a granel durante todo o ano

Fora das rúas e prazas sinaladas queda terminantemente prohibida a venda ambulante, salvo as autorizacións expresas concedidas pola Alcaldía ao amparo do disposto nesta Ordenanza

#### ARTIGO 9.—ASENTAMENTO DOS POSTOS E DO DEBER DE POSUIR LICENZA.

En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarúas, que estorben o paso a locais comerciais, industriais e profesionais, en accesos a edificios públicos ou privados, ni en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos.

Tendo as licenzas a consideración de seren outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercizo de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados.

No caso do paragrafo anterior, os interesados poderan recuperar os elementos retirados previo abono do importe dos costes de procedemento de custodia e almacenamento das mercadorías retidas .

Os/as comerciantes terán a vista na parte frontal superior e perfectamente visible a licenza aos/as axentes municipais polo que presumirase que tal licenza non existe de non presentar a mesma no momento de ser esixida polos axentes municipais.

#### ARTIGO 10.—PERIODICIDADE E HORARIO

Serafín Tubío, Riveira, Calzada, Augusto Miranda e prolongación de Secundino Lorenzo, e praza da Veiguiña .Instalaránse ata 200 postos

Todos os xoves do ano, en caso de coincidencia en festivo o mercadillo celebrarase o día anterior.

Horario de 7 a 13.30 horas

O horario de acceso o recinto de vehículos será das 7 ás 9 horas, quedando prohibida a entrada fora do horario indicado, así como a instalación do posto baleiro por outro vendedor.

Unha vez finalizada a operación de descarga de mercadorías non poderá permanecer no interior do recinto ningún vehículo a partir das 9 ,00 horas.

Horario de recollida: ata as 13,30 horas nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro e as 13:00 horas nos restantes meses.

Todos aqueles vendedores que non tiveran levantado o seu posto ás 15,30 horas serán denunciados pola Policía Local e os vehículos retirados pola grúa.

#### *ARTIGO 11.—PRODUCTOS AUTORIZADOS.*

Só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos textis, de pel, calzado, artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material navideño, cosmética, perfumería, bisutería, libros non de texto, aparatos de radio, cintas de música, de video, plantas, sementes, xoguetería, árbores e outros análogos.

Os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas sen estar de alta no Imposto de Actividades Económicas, nin afiliación a Seguridade Social, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio(excedente de produción) que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fora de temporada). A administración municipal esixirá a alta no imposto de actividades económicas e afiliación a Seguridade Social cando os produtos do campo non proveñan dunha explotación agrícola destinada a consumo familiar, por considerarse o vendedor como un intermediario.

#### *ARTIGO 12.—PRODUCTOS PROHIBIDOS.*

Non se poderá conceder autorización para a venda daqueles produtos cuxa normativa así o prohíba e aqueles outros que, en razón da súa presentación ou doutros motivos, non cumplan a normativa técnico-sanitaria e de seguridade, podendo ademais as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen.

En todo caso, non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación dos mesmos

Queda expresamente prohibida a venda de material escolar e papelería en xera, animais vivos, carnes, aves e caza fresca, refrixerados e conxelados, leite, queixo e bolería, semiconservas, herbas medicinais, óptica e en xeral todo produto de alimentación salvo os recollidos no art 1, así como calqueira outras substancias de tal carácter e actividades sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental de conformidade co previsto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

Non obstante, en supostos excepcionais poderá autorizarse a venda dos produtos a que se refire este artigo cando se dispoña de instalacións frigoríficas ou os produtos esten debidamente envasados, reunindo as condicións de hixiene, sanidade, calidade e seguridade alimentaria, estipuladas nas disposicións vixentes, ademais de contar co informe favorable da Delegación provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ou Organismo competente.

Dado o carácter singular da venda ambulante de produtos alimenticios, ademais das condicións xerais que o presente regulamento establece para todos os postos de venda, aqueles nos que se expendan produtos alimenticios deberán reunir as condicións hixiénico-sanitarias e doutra índole que se establezan nas regulamentacións específicas dos produtos comercializados e instalacións.”

### *CAPÍTULO III* *Procedemento*

#### *ARTIGO 13.—REQUISITOS PARA O EXERCIZO DA VENDA AMBULANTE.*

1.—A venda ambulante soamente poderá efectuarse nos lugares ou emprazamentos autorizados, nas datas e polo tempo que igualmente se determine e respecto dos produtos que, non tendo prohibida a súa venda baixo este réxime, figuran expresamente sinalados na correspondente licenza municipal.

2.—O titular da autorización para o exercizo da venda ambulante e a/s persona/s que traballen no posto en relación coa actividade comercial, estarán obrigados ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar dado de alta no réximen correspondente da Seguridade Social e ao corrente non pagamento das cotizacións
- c) Satisfacer ás taxas e/ou tributos fixados na ordenanza municipal correspondente.
- d) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos que sexan obxecto de venda.
- e) Dispoñer en caso de comercializar produtos alimenticios, do certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- f) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, si se trata de persoas extranxeiras.
- g) Ás persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asine a solicitude de autorización en representación da empresa.
- h) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 150.000 euros, para responder de posibles danos a persoas ou bens a resultas da actividade autorizada.
- i) Dispoñer da correspondente autorización municipal que sinalará ou obxecto da venda, e que deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente e estará sometida á comprobación previa polo concello do cumprimento polo peticionario dous requisitos legais en vigor polo exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para ou cal está autorizado a venda.
- j) O titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

#### ARTIGO 14.—DA LICENZA MUNICIPAL.

1.—As licencias de ocupación de vía pública nos días sinalados serán expedidas pola Administración municipal, sendo da súa competencia única e exclusiva o otorgamento das mesmas.

Será competente para autorizar a venda nos lugares indicados nesta Ordenanza, unha resolución da Alcaldía, sen prexuízo de que se trate dunha competencia delegable, agás que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.

2.—As licenzas serán individuais e transferibles polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración, a outras persoas físicas ou xurídicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 72.2 da lei 13/2010 e no presente regulamento, previa comunicación ao Concello e a súa duración será dun ano natural, computado desde o outorgamento, prorrogable por idénticos períodos, de manterse as circunstancias que motivaron a autorización.

3.—A renovación anual das autorizacións para a venda ambulante farase no período comprendido entre o 1 OUTUBRO o 31 de OUTUBRO.

#### ARTIGO: 15.—SUXEITOS.

Poderán optar á concesión das licencias que se regulan na presente Ordenanza:

1.—Toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique á actividade do comercio ao por menor, e reuna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que lle fose de aplicación.

En cada autorización municipal para o exercicio da venda ambulante e previa solicitude, poderase habilitar, ata un máximo de tres persoas ademais do seu titular, o cónxuge deste, aos familiares ata o primeiro ou segundo grado de consanguinidade, maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a él mediante contrato laboral .

2.—As persoas físicas nacionais ou estranxeiras, maiores de idade, e que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, con arranxo a lexislación mercantil e de conformidade co establecido na lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e as prescricións desta Ordenanza, que obterán unha licenza o que dará dereito a un posto.

3.—As persoas xurídicas, ven sexan sociedades cooperativas ou mercantís, obterán unha licenza, pero poderán ter postos ata un máximo de:

–Sociedades cooperativas de traballo asociado, legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades Cooperativas da Xunta de Galicia.

- a) As constituídas con un número de socios de ata 10 (ata un máximo de 2 postos cada unha). As persoas habilitadas para a venda terá que ser un socio cooperativista.
- b) As constituídas con un número entre 11 e 20 socios (ata un máximo de 4 postos cada unha).—Sociedades mercantís legalmente constituídas e debidamente inscritas nos correspondentes Rexistros mercantís, (ata un máximo de 2 postos cada unha), agás as sociedades mercantís unipersonais.

#### ARTIGO 16.—SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A solicitude de autorización municipal para o exercicio da venda ambulante deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida á Alcaldía, no Rexistro Xeral do Concello, que revestirá a forma de declaración responsable, conforme ao modelo establecido no anexo deste regulamento, na que se consignarán os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, domicilio, número do documento nacional de identidade ou pasaporte do interesado e teléfono de contacto.
- b) Mercadoría ou mercadorías que vaian expenderse.
- c) O prazo de tempo por que se solicita será de un ano, sempre e cando non se incumpra algún apartado da presente Ordenanza.
- d) Metros cadrados de ocupación tendo en conta o seguinte criterio:

O titular poderá optar a un posto cujas dimensións máximas son 8 metros de fronte por 3 de fondo. Nas dimensións sinaladas estarán incluídos mostradores, voladizos, toldos e depósito de mercadorías. Non se computará a superficie ocupada pola parte de toldo que permita a circulación de peóns nin esté ocupado por ningún tipo de mercadorías. En todo caso a superficie declarada polo interesado redondearase o número enteiro a alza.

Á solicitude deberá unirse unha declaración responsable, segundo o modelo establecido no anexo deste regulamento, na que se fará constar necesariamente os seguintes extremos:

- Que cumpre tódolos requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na comunidade autónoma de Galicia.
- Que está en posesión da documentación que así o acredita a partires do inicio da actividade.
- Que se compromete a manter o seu cumprimento durante o prazo da vixencia da autorización.
- Que non vai proceder a venda de artigos distintos dos solicitados e en todo caso, daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante, así como, de selo caso, que acatará toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos.

O contido da declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios. A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, a opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización á Administración municipal para que verifique o seu cumprimento.
- Estar dado de alta non réximen correspondente da Seguridade Social e ao corrente non pagamento das súas cotizacións

- Satisfacer ás taxas e/ou tributos fixados na ordenanza municipal correspondente.
- Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora dos postos do produto ou productos que sexan obxecto de venda.
- No caso de vendedores de productos alimenticios, posuir o carnet de manipulador de alimentos en vigor. adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.
- No caso de persoas xurídicas: dispoñer de CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada a favor da persoa que asina a solicitude de autorización en representación da persoa xurídica interesada.
- Os prestadores procedentes de terceiros países, o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

Á declaración responsable deberán unirse os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos no apartado anterior.

A inscrición na sección de comerciantes ambulantes do Rexistro Galego de Comercio non terá carácter habilitante para o exercizo da actividade comercial, se ben, no momento do outorgamento da autorización para o exercicio da actividade, ou da súa transmisión, o Concello comunicará á Administración autonómica os datos contidos na declaración responsable para que ésta practique a correspondente inscrición.

A tarxeta de vendedor ambulante expedida pola Administración autonómica previa inscrición no Rexistro Galego de Comercio, con vixencia de cinco anos, servirán para acreditar ante o concello os requisitos esixidos pola Lei de 13/2010 e o presente regulamento para o exercizo da venda ambulante e, conseguintemente, os extremos a consignar na correspondente declaración responsable.

#### *ARTIGO: 17.—RÉXIME ECONÓMICO.*

O interesado na ocupación da vía pública para o exercicio corrente abonará a taxa en calidade de depósito previo pola totalidade do ano no momento da solicitude.

O que solicite a ocupación ou renovación para o exercicio seguinte dentro do prazo fixado no art. 14.3 non aboará taxa no momento da solicitude, debendo comunicar o sistema de pago elixido e no seu caso o número de conta na entidade financeira.

A efectos de liquidación do prezo público e para o cálculo do mesmo teránse en conta os metros cadrados de cada posto según o disposto no artigo 16, apartado d. desta ordenanza.

Poderán habilitarse os sistemas de pago que estime o Concello de Marín, incluíndo solucións de pago a través de entidades bancarias e, en xeral, todos aqueles medios axeitados e que poidan facilitar a xestión municipal, incluíndo as novas tecnoloxías actuais ou futuras.

#### *ARTIGO: 18.—REQUISITOS DOS POSTOS DE VENDA.*

Para o exercicio do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontábeis ou transportábeis así como dende os vehículos, incluídos os vehículos- tenda que só estará permitida para os productos agrícolas instalados no entorno da Banda do Río.

Os vendedores están obrigados a manter limpo e nas debidas condicións, durante toda a celebración do mercadillo o espazo que lles fora asignado. Os refugallos e embalaxes, debidamente atados serán depositados nos colectores correspondentes.

#### *ARTIGO: 19.—CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.*

Dada a escaseza de chan dispoñible, o número de autorizacións é necesariamento limitado, polo que, as autorizacións concederánse polo sistema de concorrencia competitiva en condicións non discriminatorias. O procedemento haberá de garantir a transparencia e imparcialidade e, en concreto, a publicidade axeitada do seu inicio, desenvolvemento e fin.

A convocatoria da licitación será pública e os criterios e circunstancias a aplicar para a adxudicación das autorizacións en réxime de concorrencia competitiva daráse a coñecer por anticipado aos candidatos na mesma.

*ARTIGO: 20.—AUTORIZACIÓNS,*

A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante otorgarase mediante licitación que garanta o sistema de concurrencia competitiva, e mediante otorgamento dos títulos de ocupación do dominio público que procedan por aplicación da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

O procedemento será público e a súa tramitación deberá desenvolverse conforme a criterios claros, sinxelos, obxectivos e predecibles. Na resolución do procedemento fixaránse os requisitos da autorización.

As licencias serán transferibles, polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración, a outras persoas físicas ou xurídicas, que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 72.2 da lei 13/2010 e no presente regulamento, previa comunicación ao Concello, conforme ao modelo incluído como anexo II ao regulamento municipal.

A transmisión dunha autorización non afectará ó seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

O Concello de Marín reservase un dereito de tanteo ou adquisición preferente verbo da totalidade das transmisións que sexan solicitadas, este dereito executarase nun prazo máximo dun mes contado a partires da presentación da solicitude conxunta de cedente e cesionario.

O prazo máximo de duración da autorización será dun ano dende o seu outorgamento, prorrogable de forma expresa por idénticos períodos, previa solicitude do interesado, de manterse as circunstancias que motivaron a autorización. A renovación anual das autorizacións para a venda ambulante, farase no período comprendido entre o 1 de OUTUBRO o 31 de OUTUBRO.

As autorizacións serán persoais, se ben, o titular da mesma poderá ser substituído por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, previa xustificación documental e autorización municipal:

- a) Un mes en caso de matrimonio
- b) En caso de nacemento dun fillo, enfermidade grave, falecemento de parentes ata segundo grao de conxunidade ou afinidade, desprazamentos polos motivos anteriores. En todo-os casos anteriores atenderase os prazos e datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.
- c) Para realizar funcións sindicais ou de representación nos prazos serán os que fixe a lexislación vixente.
- d) Maternidade ou paternidade (conciliación vida familiar e laboral)
- e) Exercicio de cargo público representativo
- f) Privación da liberdade mentras non exista sentenza condenatoria
- g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto de licencia.
- h) O tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público ou persoal.

O sustituto deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta como comerciante autónomo.
- b) Non ser titular no mercadillo dun posto de venda ambulante.

*ARTIGO: 21.—CRITERIOS DE REVOGACIÓN OU EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.*

As autorizacións outorgadas poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello, sen dereito a indemnización ou compensación algunha, nos seguintes supostos:

1. Por motivos de interese público debidamente xustificados ou cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
2. Polo falseamento da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos na lei 13/2010 e no presente regulamento para o seu outorgamento.
3. Por incumprimento sobrevenido dos requisitos establecidos no presente regulamento así como na normativa aplicable ou por vulneración dos seus preceptos.

En caso de que o/a titular tivese pechado o posta durante oito días de mercados seguidos, ou doce alternos (estes últimos nun período de seis meses), produciráse a caducidade da autorización, logo da correspondente notificación.

O procedemento de revogación será o seguinte:

- 1.—Iniciarase co informe do persoal encargado da vixilancia do mercado donde faga constar a incidencia.
- 2.—Proposta do Concelleiro delegado para iniciar o procedemento
- 3.—Trámite de audiencia o interesado comunicando o inicio e o motivo da posible revogación , concedendo un prazo de 15 días para presentar alegacións.
- 4.—Proposta definitiva de derogación ou arquivo do procedemento
- 5.—Resolución da alcaldía e notificación ó interesado.

Terminado o procedemento e en caso de revogación a alcaldía adoptará as medidas para impedir a actividade derogada.

Non obstante, a administración poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas debidamente xustificadas.

A renovación anual das autorizacións para a venda ambulante, farase no período comprendido entre o 1 de OUTUBRO ao 31 de OUTUBRO.

#### *ARTIGO: 22.—AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.*

As persoas que exerzan o comercio ambulante deberán ter exposto en forma fácilmente visible e lexible para o público os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente autorización municipal, así como unha dirección para a recepción das posibles reclamacións.

O Concello proveerá a cada comerciante vendedor ambulante dunha tarxeta de identificación que deberá ser mostrada en calquer momento que lle fora requerida polo Sr conserxe do Mercado ou axente de policía ou autoridades.

A tarxeta será confeccionada polo Concello e permitirá o almacenamento dos seguintes datos:

- 1) Nome e apelidos do vendedor titular e do autorizado.
- 2) D.N.I. ou Pasaporte.
- 3) Domicilio fiscal.
- 4) Fotografía tamaño carné.
- 5) Produto autorizado a venda.
- 5) Período de vixencia da licencia.
- 6) Lugares de venda.
- 7) Datas na que se pode exercer
- 8) Número de metros do posto.
- 9) Número de vendedor ambulante no rexistro da Xunta de Galicia.
- 10) Número do posto.
- 11) Espazo para o visado polo Alcalde

#### *ARTIGO 23 . OBRIGACIÓNS DO COMERCIANTE*

- 1.—O titular do posto deberá colocar nun lugar visibel a tarxeta identificativa.
- 2.—Responderá da calidade e seguridade dos produtos que venda e responsabilizarase dos riscos a saúde nos consumidores e usuarios.
- 3.—No desenvolvemento da súa actividade o comerciante/a deberá observar o disposto na normativa vixente.



4.—Os postos que expidan artigos no que sexa necesario o peso ou medida, deberán dispor dunha báscula ou metro regulamentario.

5.—Atenderá os requirimentos do persoal municipal, policía municipal ou autoridades competentes.

6.—Instalarse nos postos que teñen asignados polo Concello.

7.—Cumplir con toda-las disposicións que emanen deste Regulamento.

8.—Comunicar ao Concello o cambio de enderezo para deste xeito facilitar a comunicación das incidencias do mercadillo.

#### *ARTIGO 24.—DEREITOS DO COMERCIANTE*

1.—A ocupar os postos de venda que ten autorizados

2.—A exercer pública e pacificamente, no horario e coas condicións establecidas, a actividade de venda autorizada.

3.—No caso de supresión do posto de mercado, o/a titular terá dereito preferente no novo emprazamento e a solicitar a ampliación da superficie asignada sempre que sexa posible na nova ubicación.

4.—No caso de supresión do posto do mercado, o/a titular terá dereito preferente no novo emprazamento e a solicitar a ampliación da superficie asignada sempre que sexa posibel na nova ubicación e sen sobrepasar as dimensións recollidas no artigo 16 apartado d).

5.—Presentar as reclamacións e suxestións que considere oportunas na defensa dos seus dereitos e intereses .

6.—A ser substituídos na titularidade dos posto previa autorización do Concello e cumprindo os requisitos deste regulamento.

7.—Dereito a promover e constituir asociacións que os representen.

### *CAPITULO IV* *Réxime disciplinario*

#### *Sección 1ª.—Infraccións e sancións*

*Artigo: 25.* O incumprimento destas normas dará orixe a incoación do correspondente procedemento sancionador, clasificándose as faltas en leves, graves e moi graves:

#### *FALTAS LEVES:*

- a) O incumprimento do horario.
- b) Falta de limpeza no posto.
- c) Incumprir a obriga sinalada no artigo 23.2 consistente en que o titular do posto deberá colocar en lugar visible a tarxeta identificativa.
- d) O uso de altofalantes ou outros medios acústicos sen autorización.
- e) Colocación de mercadorias fora do espazo asignado.
- f) Producir ruídos ou música que incumpran a ordenanza de ruídos e vibracións.
- g) Calquera outro incumprimento do presente Regulamento, e particularmente das obrigas dos comerciantes, que non estea calificado como infracción grave ou moi grave.

#### *FALTAS GRAVES:*

- a) A reincidencia ou reiteración en tres ou máis faltas leves. Considérase que existe reiteración cando os feitos antes descritos prodúcense durante dous mercados sucesivos ou tres alternativamente
- b) A venda de produtos distintos aos autorizados.

- c) A venda de produtos en condicións deficientes ou deteriorados.
- d) A instalación do posto en lugar non autorizado.
- e) Ter sido sancionado por incumprimento da normativa relativa ao exercicio da actividade por outra Administración.
- f) Falta da envoltura regulamentaria nos artigos alimenticios á venda.
- h) Falta de aseo, limpeza e hixiene en vendedores, postos e ferramentas, e a non limpeza do lugar unha vez finalizada a actividade do mercado.
- i) Non acreditar mediante factura a procedencia das mercadorias de ser requeridos.
- j) Provocar alteracións de orde público, ou instar a terceiras persoas con ese mesmo fin.
- k) O acceso ou estacionamento de vehículos dos vendedores nas zonas destinadas ao mercado, fora dos horarios establecidos ou permitidos.
- l) Non pagar as taxas correspondentes.
- m) A non comunicación ao Concello do cambio de domicilio
- n) Non acreditar as cotizacións ao Réxime da S. Social correspondente cando o Concello o demande.
- o) Non ter recollido o posto antes das 15:00 Horas.

**FALTAS MOI GRAVES:**

- a) A reincidencia ou reiteración en tres ou máis faltas graves.
- b) O desacato aos axentes da autoridade e persoal municipal.
- c) Infraccións en materia sanitaria e de consumo.
- d) O exercicio da venda ambulante sen autorización.
- e) O exercicio da actividade por persoa distinta do titular ou persoa autorizada.

**ARTIGO: 26.—AS INFRACCIÓNS SINALADAS NO PRESENTE REGULAMENTO DARÁN LUGAR ÁS SANCIÓN S SEGUINTE S:**

- a) Apercibimento á persoa infractora
- b) Multa
- c) Incautación e perda da mercancía
- d) Revogación da autorización

As sancións que se aplicarán serán as que seguen:

**1) Por faltas leves:**

Apercibimento ou multa de 100 a 300 euros

**2) Por faltas graves:**

Multa de 301 ata 600 euros.

**3) Por faltas moi graves:**

a) Multa de 601 euros ata 900 euros

b) e/ou revogación da autorización sen indemnización.

As sancións graduaránse en función dos seguintes criterios: reincidencia, transcendencia social da infracción, volumen de facturación ao que afecte, contía do beneficio obtido, grado de intencionalidade e natureza dos perxuízos causados.

Cando a autorización sexa revogada a consecuencia de infaccións moi graves, o seu titular non poderá obter autorización ningunha durante o prazo de dous anos para o exercicio da actividade no municipio de Marín, sen dereito a reserva do posto.

A Alcaldía poderá acordar, como sanción accesoria, o decomiso das mercancías adulteradas, deteriorada, falsificadas, fraudulentas, non identificadas, que entrañar risco para el consumidor, ou que incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización; así como nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos

Os gastos de transporte, distribución, destrución, etc., da mercancía sinalada no paragrafo anterior, serán por conta del infractor.

O exercicio de calquera actividade ou comercio vía pública sen autorización municipal dará lugar á retirada das instalacións, elementos e xéneros neles situados e presumirase que tal autorización non existe de non se presenta-la correspondente autorización no momento de ser esixida polos axentes municipais.

*Artigo 27.*—Na iniciación de actuacións que poidan dar lugar á incoación de calquera procedemento sancionador por falta grave ou moi grave, a Alcaldía, como órgano competente para ordear a incoación do expediente, poderá decidir, como medida preventiva, a intervención cautelar das mercadorías polos vixiantes encargados da venda ambulante, axentes da Policía Local, ou autoridade competente, cando se realizase a venda ambulante sen autorización, existisen sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde ou integridade física dos consumidores ou compradores, de xeito independente ao inicio do expediente sancionador.

*Sección 2ª.—Da actuación municipal e inspección.*

*ARTIGO 28.—DA ACTUACIÓN MUNICIPAL*

O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección en todos aqueles postos situados no mercado, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

*ARTIGO 29.—INSPECCIÓN MUNICIPAL.*

Os servizos municipais correspondentes velarán polo mantemento da orde pública e o cumprimento polos usuarios destas normas, e das que se dicten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente.

Os funcionarios dos servizos municipais que desenvolvan as funcións de inspección, ostentarán a condición de axentes da autoridade, previa acreditación da súa identidade. Os/as vendedores/as estarán obrigados/as a facilitar a inspección das instalacións, subministrar toda clase de información, tanto verbal como documental sobre as mesmas, así como no relativo a produtos e servizos e, en xeral, a colaborar en cantas actuacións sexán precisas.

*Sección 3ª.—Procedemento sancionador.*

*ARTIGO 30.—PROCEDIMENTO SANCIONADOR.*

O procedemento sancionador iniciarase coa denuncia dos vixiantes encargados da venda ambulante, policía local, axentes de consumo, ou calquera persoa física ou xurídica, ou ben de oficio, correspondendo á Alcaldía a incoación do expediente sancionador e a imposición das sancións previstas no presente Regulamento.

As infraccións previstas neste regulamento prescribirán, si son leves aos seis meses, si son graves ao ano e as moi graves os dous anos.

O prazo de prescripción das infraccións computarase desde o día da súa comisión. Esta prescripción interromperase desde que o procedemento se dirixa contra o infractor, volvendo a correr de novo o tempo da prescripción desde que aquel termine sen ser sancionado ou se paralice o procedemento por causa non imputable ó infractor.

As infraccións ó disposto na presente Ordenanza serán sancionadas administrativamente, previa instrución do correspondente expediente administrativo sancionador tramitado de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións Públicas e do procedemento administrativo común e co Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. de 4 de agosto de 1993.

En todo caso, o Órgano instructor do expediente cando sexan detectadas infraccións de índole sanitaria, deberá dar conta inmediata das mesmas ás autoridades sanitarias que correspondan.

#### *CAPITULO V*

##### *Instalacións*

*Artigo 31.*—O mercado deberá contar cunha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta as instalacións axustadas ás normas vixentes sobre sanidade, hixiene e medio urbano, cumprindo polo menos coas seguintes esixencias:

- a) O mercado estará montado sobre superficie asfaltada ou empredrada, que deberá estar nas condicións máis idoneas.
- b) Dentro da súa superficie ou anexa inmediata, existirán contenedores destinados á recollida dos residuos producidos pola actividade comercial.
- c) Aqueles establecementos susceptibles delo, deben estar provistos das correspondentes follas de reclamacións e deberán expedir tickets ou facturas das vendas feitas.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA*

Para o non disposto nesta ordenanza, estarase ao establecido nas normas de carácter autonómico, estatal ou comunitario que resulten de aplicación

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA*

No caso de decomiso ou intervención cautelar de mercadorías, así como nos supostos de retirada e/ou intervención de instalacións, elementos e xéneros polos axentes da Policía Local, segundo o establecido nos artigos 9 e 26 do presente regulamento, procederase ao depósito dos mesmos no lugar que se determine.

Os produtos intervidos deberán destruírse en caso de que a súa utilización ou consumo constituía un perigo para a saúde pública, ou cando incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización. De non ser preceptiva a súa destrución, os produtos de natureza perecedeira depositaránse nas cámaras frigoríficas do Mercado central de abastos por un prazo de 48 horas, e os non perecedeiros serán depositados, por prazo dunha semana, nas instalacións que o concello habilite.

Os interesados poderán recupera-los elementos retirados, que non deban ser destruídos, previo abono do importe das taxas e demais gastos orixinados por tal retirada no importe fixado na correspondente ordenanza fiscal, sen prexuízo da sanción correspondente.

Transcorridos os prazo anteriormente sinalados dende a súa intervención sen comparecer o titular para facerse cargo dos mesmos, entenderase que desiste no seu interese e titularidade, podendo proceder a súa destrución ou darlle outro destino que se considere, sen posibilidade de reclamación ou indemnización alguna

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

Este regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e trascurra o prazo previsto no art.65.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

A partir da entrada en vigor do presente texto adaptado, quedan derogadas cantas resolucións e acordos municipais se opoñen, contradigan ou resulten incompatibles co mesmo

**ANEXO I****SOLICITUDE DE AUTORIZACION PARA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA****SOLICITANTE**

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):
Enderezo (rúa, nº, c.p., poboación e provincia):
Nº Teléfono/fax/correo electrónico:
CIF / NIF / Tarxeta de residencia o permiso de traballo:
Obxecto social ou actividade:
Epígrafe/s do IAE nos que se atopa dado de alta e ámbito:

**REPRESENTANTE**

Nome e apelidos	
Enderezo (rúa, nº, c.p., poboación e provincia):	
Nº Teléfono/fax/correo electrónico:	
Poder: Escritura nº	Notario D/Dª
Localidade	Data

A persoa/s física/s que vai ou vaian a exercer a actividade en nome do/a titular da autorización serán:	
Nome e apelidos::.....	DNI nº.....
(*)Neste caso teráse que presentar a documentación xustificativa da relación contractual ou a condición de traballador asociado ou cooperativista cunha cotización non inferior ao horario de mercado)	

**EXPÓN E SOLICITA**

**Que considerando que cumpre cos requisitos esixidos na normativa reguladora da venda ambulante ou non sedentaria así como na ordenanza municipal reguladora da mesma, solicita a preceptiva autorización municipal para venda ambulante ou non sedentaria nos seguintes termos:**

**Modalidade de venda ambulante interesada (marque cunha "X" a modalidade correspondente)**

<input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados periódicos
<input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados fixos
<input type="checkbox"/> Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública
<input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados ocasionais
<input type="checkbox"/> Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda
<b>OBSERVACIÓNS:</b>

**Datos da venda ambulante interesada**

GRUPO IAE	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE (opcional)
<b>PRODUCTOS COMERCIALIZADOS</b> <input type="checkbox"/> Alimentación, bebidas... <input type="checkbox"/> Confección, calzado, artigos de coiro <input type="checkbox"/> Complementos de beleza, perfumería, droguería... <input type="checkbox"/> Artigos de equipamento do fogar e ferretería... <input type="checkbox"/> Xoguetes <input type="checkbox"/> Prantas <input type="checkbox"/> Outros	<b>MEDIO DE EXPOSICIÓN E VENDA DA MERCADORÍA</b> <input type="checkbox"/> Posto desmontable <input type="checkbox"/> Vehículo especialmente acondicionado <input type="checkbox"/> Outros (especificar)  <b>MODELO E CARACTERÍSTICAS DO MEDIO UTILIZADO (se procede)</b>  Modelo  Dimensións  Matrícula  Outras características

**PERÍODO DE VENDA AMBULANTE**

- 
- Todo o ano
- 
- 
- Tempada (indicar datas)
- 
- 
- Ocasional con motivo de feira, festas, etc (indicar datas)

**LUGAR DE VENDA AMBULANTE**

A tal efecto acompaña a declaración responsable establecida no artigo correspondente da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria.

En Marín, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
 SINATURA

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Marín con domicilio en Avda. De Ourense sn 36900 Marín (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o Concello. Se o desexa poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI

**ANEXO Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA**

Nome e apelidos

Enderezo (rúa, nº, c.p., poboación e provincia)

NIF/Tarxeta residencia ou permiso de traballo

En nome propio ou en representación de

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- 1.- *Que cumpro tódolos requisitos establecidos pola normativa vixente para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia, que estou inscrito no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia, e que tal inscrición atópase vixente na data desta declaración.*
- 2.- *Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior a partir do comezo da actividade, así como da esixible acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria.*
- 3.- *Que me comprometo a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización*
- 4.- *Que non vou a proceder a venda de artigos diferentes dos solicitados e en todo caso daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de ser o caso, que cumprerei con toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos.*
- 5.- *Que estou dado de alta no epígrafe correspondente no imposto de actividades económicas e ao corrente, de ser o caso, no pago do devandito tributo.*
- 6.- *Que estou ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social*
- 7.- *Que os postos e os produtos de venda reúnen as condicións esixidas pola normativa reguladora dos mesmos para a súa venda ambulante ou non sedentaria.*

**DOCUMENTOS QUE SE ADXUNTAN**

- Fotocopia CIF/NIF/Tarxeta residencia ou permiso de traballo*
  - 2 fotos tamaño carne*
  - Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil vixente e xustificante do pago do mesmo, cunha cobertura mínima de 150.000 euros que cubra os riscos da actividade comercial*
  - Certificado acreditativo da formación como manipulador de alimentos das persoas que vaian manipular os produtos (se consisten en produtos para a alimentación humana)*
  - Acreditación documental da alta no epígrafe correspondente do IAE e estar ao corrente no pago, ou acreditación de estar exentos se é o caso.*
  - Recibos que acrediten estar ao corrente no pago das cotizacións da Seguridade Social*
  - Acreditación documental de ter satisfeito as taxas e os tributos fixados na ordenanza fiscal.*
  - Documento que acredite o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo, no caso de ser prestador procedente de países non integrantes da Unión Europea.*
  - Acreditación documental de atoparse inscrito no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia e dispor do correspondente documento acreditativo de tal extremo (non habilitante)*
- No caso de ser persoa xurídica:*
- CIF da entidade,*
  - Acta de constitución, estatutos*
  - Escritura de poder outorgada a favor da persoa que asina a solicitude de autorización en representación da persoa xurídica interesada.*

**DATA E SINATURA**

Marín, a 04 de outubro de 2013.—A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez.

2013008859

\* \* \*

**ME AÑO****A N U N C I O**

Aprobado provisionalmente, polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 14 de outubro de 2013, o expediente imposición e ordenación da taxa pola celebración de matrimonios civís, así coma o texto da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa; exponse ao público, ó abeiro do artigo 17.1 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas